

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15037 *Lei orgánica 12/2011, do 22 de setembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Introdúcense as seguintes modificacións na letra f) do artigo 351, na letra f) do artigo 356 e nos números 6, 7 e 8 da disposición transitoria oitava da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial:

Un. A letra f) do artigo 351 queda redactada como segue:

«f) Cando sexan nomeados para cargo político ou de confianza en virtude de real decreto ou decreto autonómico, ou elixidos para cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou corporacións locais.

Neste caso, así como no suposto previsto na letra f) do artigo 356, os xuíces e maxistrados, e os funcionarios doutros corpos, que reingresen na carreira correspondente, deberanse abster de coñecer dos asuntos concretos vinculados coa súa actividade política.»

Dous. A letra f) do artigo 356 queda redactada como segue:

«f) Cando se presente como candidato en eleccións para acceder a cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou corporacións locais. De non resultar elixido, deberá optar, comunicándollo así ao Consello Xeral do Poder Xudicial, no prazo de trinta días, por continuar na situación de excedencia voluntaria ou por reingresar no servizo activo.»

Tres. Os números 6, 7 e 8 da disposición transitoria oitava quedan redactados como segue:

«6. Os membros da carreira xudicial que, na data de aprobación dos números 6, 7 e 8 desta disposición transitoria, se encontren en situación de excedencia voluntaria pola causa prevista na letra f) do artigo 356, serán considerados, cando así o soliciten, en situación de servizos especiais desde a data do seu nomeamento ou aceptación do cargo. Computarase como servizos efectivos na carreira xudicial o tempo que permanecesen na citada excedencia voluntaria.

Este réxime, e o disposto nas letras f) dos artigos 351 e 356, é aplicable aos membros da carreira fiscal e do corpo de secretarios, calquera que sexa a súa categoría.

7. Cando cesen na situación de servizos especiais, salvo que obtivesen nova praza por concurso, quedarán adscritos con carácter provisional ás salas do Tribunal Supremo, ás dos tribunais superiores de xustiza ou da audiencia ou aos xulgados da localidade en que se encontraban destinados ao cesaren no servizo activo, en función da categoría e orde xurisdicional en que servían.

8. Esta adscrición manterase ata que se produza a primeira vacante da súa categoría e, de ser o caso, quenda no Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza, audiencia ou xulgados a que estiveren adscritos, a que se lles adxudicará fóra de concurso e con carácter preferente.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de Administración de xustiza polo artigo 149.1.5.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO